DOA SANGUE

UN ALENTO DE VIDA

BRIÓN

Xoves, 19 de novembro

UNIDADE MÓBIL
DIANTE DO COLEXIO

15:30 a 21:00 horas

Se tes máis de 18 anos e pesas máis de 50 kg só precisas 15 minutos para salvar a vida de moitas persoas

AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

Xacobeo 2027



Cada día **10 unidades móbiles** percorren Galicia para facilitar este acto solidario. Tamén pode acudir aos **locais de doazón** das sete grandes cidades.



Un médico realiza unha revisión do estado de saúde e mide o pulso, a tensión e o nivel de hemoglobina para desbotar unha anemia.



Os homes poden doar un máximo de 4 veces e as mulleres 3 veces ao ano, deixando pasar entre cada doazón polo menos 2 meses.

Emprégase **material estéril** e dun só uso. O volume de **líquido doado recupérase** case de inmediato.



En Galicia precisamos **máis de 400** doazóns de sangue cada día.





Cada día, os hospitais atenden unha media de **2.800 urxencias, 800 intervencións cirúrxicas, 1 transplante** de órganos **1.600 atencións** nos hospitais de día e moitos doentes de cancro e leucemia que precisan compoñentes do sangue.



De cada doazón de sangue obtéñense **3 compoñentes** que se utilizan no tratamento de diferentes enfermidades.



O sangue doado pasa multitude de **análisis e controis de calidade.** Notificarase ao doante o achado de calquera anomalía analítica.

DOA SANGUE

UN ALENTO DE VIDA



Máis información en: **ados.sergas.gal**
Teléfono gratuito **900 100 828**

AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

Xacobeo 2027

POR QUE DOAR SANGRE

- Porque non se pode fabricar.
- Para axudar a 30.000 doentes cada ano.
- Porque é un ben escaso.
- Porque o sangue ten unha duración limitada.
- Porque non debilita o noso organismo.

PODES DOAR SANGUE CON:

- Saúde normal.
- Mais de 50 quilos.
- Entre 18 e 70 anos.

NUNCA PODES DOAR SANGUE SE...

Padeciches, padeces ou es portador crónico de enfermidades **transmisibles polo sangue** (hepatite B, hepatite C, VIH, Chagas, HTLV...) ou tes unha parella que as padece.

Consumes **drogas vía intravenosa** ou tes de xeito habitual **distintas parellas sexuais** con comportamentos de risco ou mantiveches relacións sexuais a cambio de **cartos ou drogas** ou con persoas das que descoñeces os seus hábitos sexuais.

Padeces unha enfermidade **grave ou crónica** (corazón, ril, pulmón...), cancro, epilepsia, bronquite severa, enfermidade hematolóxica, diabetes insulinodependente ou asma grave.

PARA DOAR SANGUE TES QUE ESPERAR

7 días despois dunha cirurxía menor con anestesia local ou despois dunha extracción dental, **3 días** despois dun empaste e **24 horas** despois dunha limpeza dental.

15 días despois de ter febre, gripe ou unha enfermidade infecciosa (con ou sen tratamento antibiótico).

4 meses despois de facer piercing, tatuaxes, acupuntura, endoscopia, cateterismo,despois dunha intervención cirúrxica ou despois de recibir unha transfusión de sangue.

4-6 meses despois do regreso dunha viaxe a zonas endémicas (malaria, HTLV...)

6 meses despois dun parto ou aborto (sempre esperar a rematar a lactación), se tomas tratamento para curar unha anemia e despois de curar unha toxoplasmose ou mononucleose.

6 meses despois de ter contacto doméstico con doentes ou portadores de hepatite B, hepatite C ou VIH.

LEMBRA

- Boa hidratación antes de acudir a doar sangue (auga ou refrescos).
- Non acudas sen almorzar e despois de xantar ao mediodía espera 2 horas.
- Non esquezas traer o DNI, ou calquera outro documento que te identifique.
- Non fagas unha comida copiosa antes de doar.

PB-DIR-07-Rev_11.

Depósito legal: C 2107-2021